



## Normativa de solicitude de Material Audiovisual

1. O material audiovisual destinado para a docencia das cinco titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra encóntrase situado nas respectivas aulas asignadas a cada curso e titulación.
2. Esta a dispor do profesorado canons de proxección de ordenador (un deles reservado para cursos, congresos, doutoramento, etc.), proxectores de diapositivas, e ordenadores portátiles na oficina de asuntos xerais.
3. O profesorado poderá reservar o material citado anteriormente (apartado dous) dirixíndose a oficina de asuntos xerais, sempre e cando o uso deste material este destinado o desenvolvemento das materias das cinco titulacións impartidas neste centro, e o persoal desta oficina informará ó profesorado da dispoñibilidade do material facéndose así a reserva efectiva.
4. O profesorado deberá informar na oficina de asuntos xerais, se detecta algunha deficiencia no material que está a utilizar co fin de que o persoal de asuntos xerais inicie o procedemento adecuado para resolver o problema subliñado.
5. O uso do material audiovisual destinado ó desenvolvemento de **Cursos, Congresos, Simposiums, Doutoramento, Charlas e outras Actividades Culturais, Docente ou Deportivas**, que puideran ter lugar neste centro, están supeditadas a aprobación do Órgano de Goberno do Centro ó cal deberá ser informado cun prazo non inferior a sete días hábiles antes do inicio do curso, co fin de que resolva positiva ou negativamente en función da dispoñibilidade do material solicitado.
6. O non cumprimento desta normativa implicará responsabilidades ás partes implicadas nos feitos acontecidos.

Pontevedra, 13 de Xullo do 2006

*O Decanato*